

Reflexión+Acción (método).

Reflexión na acción é unha forma de actuar, non de investigar (no sentido profesional da palabra). É un activismo específico, enriquece a teoría (reconceptualización) como parte da práctica. Plántese a pregunta: como é que fan na vida real, na vida diaria, para activar, para actuar?

Trátase de converter todos os aspectos da vida nun acto político (de construción). O sentido político adquiriríase na medida en que están involucradas outras persoas, non é unha actitude individualista, non é o que faga comigo e para min.

Cada un destes actos políticos significan un principio de Transformación social. Involucra a Outros, non só á miña persoa, á miña familia,... crea transformacións.

Cal é a proposta para este camiño?

1.- Construción do suxeito.- Trátase de crear un Nós real, un Vamos a... implica a un grupo, inclusive a dúas persoas samente. Pero tamén interconecta con outros Nós, prepara esa comunicación. Portanto, construción do suxeito social> suxeito que Transforma> que activa> que fai real o Nós, encarna a abstracción. Nós, as veces o utilizamos sen valor real, é abstracto e non existe a ligazón entre persoas que fan algo en común. Pero aquí trátase de facer compromiso, obrigación mutua e de actuar.

2.- Comoción, non promoción.- Pártese da idea de que a xente non está paralizada e eu voua mover. A xente nunca está parada, móvese. Eu non marco a dirección correcta á xente. Non promociono.

Conmovo. Con-movo co Outro, coa cabeza, co sentido común, comprometidos nunha “emoción” (non nunha emocionalidade) de grupo, nun Nós real. Sentimos o mesmo ou parecido. Aféctanos e afectámonos. Non chego Eu coa Verdade, coas miñas ideas,... tecemos as ideas

duns e outros, xuntos o xeito de facer, de reflexionar, co principio de respecto ao Outro. Non el está mal e eu estou ben, non eu estou na luz e el está na escuridade. Construír o Nós real é construír en igualdade, con ecuanimidade.

3.- Contaxio.- O efecto Aháj. A construción social non funciona por convencemento, por dirixismo ou por imposición. Comunicación é contaxio e dicir: Eureka; Aháj Visibilidade, construír o paradigma, o exemplo, co exemplo. Se che ven facelo, saberán a que se refire. O activismo é conmoción e contaxio.

4.- Reflexión entre Nós.- flexionarse de novo, significa Reflexión. Pero ao que nos referimos aquí é ao concepto de reflexividade, é dicir, de pensar o que estamos facendo a cada instante e volver reflexionar. Reconsiderar o que se fai e porque se fai. No acto sempre hai reflexión compartida. Técese entre os conversadores, técese no facer. escoitar, exponer, tecéndose co Outro, manifestando que un e outro pensan e constrúen: isto é unha reflexión en grupo. Comparten unha certa experiencia, pode ser simple información ou compartir certamente unha experiencia que é reargumentada polos demais e, incluso, criticada. Quizabes poidamos chegar ao Nós, quizabes non.

5.- Conversa, non entrevista.- na entrevista eu chego coas miñas preguntas, para registrar sobre un tema. Conversa non é ir a falar con alguén para falar, senon manter unha conversa sobre certos temas que nos interesan e sobre os que temos xa os nosos puntos de vista. Non é preguntar, inquirir, é manter unha conversa respectuosa co Outro para reflexionar xunto co Outro, sobre un tema ou temas que determinemos entrambos.

6.- Construción dos feitos.- Non hai feitos por si, nin verdades. Todos eles son construídos ou veñen construídos. Os acontecementos humanos son parte dun proceso, conforman unha continuidade do vivencial. Non

hai fragmentos; a fragmentación opera para comprender e localizar, pero o acontecemento segue a ser parte dun proceso. Seleccionar da realidade significa obter un feito, pero calquera descrición que se faiga é unha construción, unha selección nosa. Distintas persoas distinguen diferentes feitos. Hai que tentar ser fidel, distinto á pura fantasía. Somente fai falla ver como seleccionamos as imaxes e como compoñemos distintos discursos sobre as mesmas, como as presentamos (perversamente?) As construímos cunha intención, con interese, cando menos.

Hai que emprender unha renovación da linguaxe.

Construíndo a “nova verdade”, construíndo a “nosa verdade”.

(apropiación do método)

Banzos:

1.- Coñecemento Antecedente.- o que se ten no punto de partida. Non é unha condición indispensable, pero si facilita o camiño, máis rápidamente. Recopilar o que se ten como coñecemento existente sobre aquilo que nos interesa pór sobre a mesa. Son datos moi xerais, intuitivos, que se anotan e se analizan nun mapa para ir asociando e definindo, entre as relacións que dentre deles se xera.

2.- Análise e Contrastación.- recolleita de artigos, libros, imaxes,... sobre o tema. Que se dixo?

Algúns instrumentos poden ser:

2.1.- Cronoloxías.- Como foi construída a historia e o discurso por outros? Comparemos cronoloxías e contrastemos coa cronoloxía que recorda e acorda a xente involucrada. Ver os incidentes que se producen.

2.2.- Caracterización do proceso.- 2.2.1.-actores que participaron no proceso ou participan. Refírese a grupos, non a individualidades con nomes e apelidos; 2.2.2.-

factores que influiron dantes, no momento, no contexto, na creación dunha atmósfera específica.

2.3.- Recoller as voces.- recolleita das voces dantes e durante o proceso e o momento. Escoitalas, rexistralas, valoralas e facelas valer. Contrastar coa documentación “oficial”. Tirar novas preguntas e despostas para a indagación, para a acción.

2.4.- Identificarnos.- Que fixemos, que facemos nós no tema? Sobre o tema, que fixemos? Que inquietude nos conmove? Que facer? Como facer? Por que? Para que?.

2.5.- Ver a natureza das cousas.- Que foi o que pasou? Hipóteses. Non hai reaccións da xente, hai antecedentes e versións sobre o que ocorre.

2.6.- Motivos e fins.- dos distintos actores e do conxunto. Cales eran as súas direccións? Cara onde ian? Os actores teñen obxectivos? Ou motivos?

3.- Ordear o material.- (traballo de gabinete) Ao material todos temos e teñen que ter acceso.

Agora pódese reflexionar. Ver o sentido do cambio, da transformación, ver as fortalezas, os obstáculos, as debilidades, as oportunidades (DAFO) Ver que pensamos sobre cada unha delas e chegar a acordos e estratexias para iniciar accións concretas partindo do consenso. Pero

QUE PASE ALGO!!! podiós.